


ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CPR SAN JOSÉ 36006675
CURSO: 4º EDUCACIÓN PRIMARIA
MATERIA: MATEMÁTICAS
DATA: 06/05/2020



Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

A modo de introducción é importante mencionar que as matemáticas son un conxunto de saberes asociados aos números e ás formas, que permiten a análise de distintas situacións reais. Identifícanse coa dedución, a indución, a estimación, a aproximación, a probabilidade, a precisión, o rigor, a seguridade etc. e axúdannos a enfrontarnos a situacións abertas, sen solución única e pechada.

As competencias clave que se traballan nesta área son as sete mencionadas no **Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo básico da educación primaria na comunidade autónoma de Galicia** :

- Competencia en comunicación lingüística . (CCL)
- Competencia en comunicación matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía. (CCMCT)
- Competencia dixital. (CD)
- Competencia en aprender a aprender. (CAA)
- Competencias sociais e cívicas. (CSC)
- Competencia en sentido de iniciativa e espírito emprendedor. (CSIEE)
- Competencia en conciencia e expresións culturais. (CCEC)

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.1. Expresar verbalmente de forma razoada o proceso seguido na resolución dun problema.	MTB1.1.1. Comunica verbalmente de forma razoada o proceso seguido na resolución dun problema de matemáticas ou en contextos da realidade.
B1.2. Utilizar procesos de razoamento e estratexias de resolución de problemas, realizando os cálculos necesarios e comprobando as solucións obtidas.	MTB1.2.1. Reflexiona sobre o proceso de resolución de problemas:revisa as operacións utilizadas, as unidades dos resultados, comproba e interpreta as solucións no contexto da situación, busca outras formas de resolución etc.
B1.3. Profundar en problemas resoltos propoñendo pequenas variacións nos datos, outras preguntas etc.	MTB1.3.1. Profunda en problemas unha vez resoltos, analizando a coherencia da solución e buscando outras formas de resolvelos.
B1.4. Identificar e resolver problemas da vida cotiá, axeitados ao seu nivel, establecendo conexións entre a realidade e as matemáticas e valorando a utilidade dos coñecementos matemáticos axeitados para a resolución de problemas.	MTB1.4.1. Practica o método científico sendo ordenado, organizado e sistemático.
B1.5. Desenvolver e cultivar as actitudes persoais inherentes ao traballo matemático.	MTB1.5.1. Desenvolve e amosa actitudes axeitadas para o traballo en matemáticas: esforzo, perseveranza, flexibilidade e aceptación da crítica razoada
B1.6. Utilizar os medios tecnolóxicos de modo habitual no proceso de aprendizaxe, buscando, analizando e seleccionando información relevante en internet ou en outras fontes elaborando documentos propios, facendo exposicións e argumentacións.	MTB1.6.1. Utiliza ferramentas tecnolóxicas para a realización de cálculos numéricos, para aprender e resolver problemas.
B2.1. Ler, escribir e ordenar utilizando razoamentos apropiados, distintos tipos de números (romanos, naturais, fraccións e decimais ata as centésimas).	<p>MTB2.1.1. Identifica os números romanos aplicando o coñecemento á comprensión de datacións.</p> <p>MTB2.1.2. Le, escribe e ordena en textos numéricos e da vida cotiá, números (naturais, fraccións e decimais ata as centésimas), utilizando razoamentos apropiados e interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras.</p>

B2.2. Interpretar diferentes tipos de números segundo o seu valor.	MTB2.2.1. Descompón, compón e redondea números naturais e decimais, interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras.
B2.3. Operar cos números tendo en conta a xerarquía nas operacións, aplicando as súas propiedades, as estratexias persoais e os diferentes procedementos que se utilizan segundo a natureza do cálculo que se realizará (algoritmos escritos, cálculo mental, tenteo, estimación, calculadora), usando o máis adecuado.	MTB2.3.2. Realiza sumas e restas de fraccións co mesmo denominador na resolución de problemas contextualizados.
B2.4. Coñecer, utilizar e automatizar algoritmos estándar de suma, resta, multiplicación e división con distintos tipos de números, en comprobación de resultados en contextos de resolución de problemas e en situacións da vida cotiá.	MTB2.4.1. Emprega e automatiza algoritmos estándar de suma, resta, multiplicación e división (de ata dúas cifras) con distintos tipos de números, en comprobación de resultados en contextos de resolución de problemas e en situacións cotiás. MTB2.4.3. Elabora e emprega estratexias de cálculo mental.
B2.5. Identificar, resolver problemas da vida cotiá, adecuados ao seu nivel, establecendo conexións entre a realidade e as matemáticas e valorando a utilidade dos coñecementos matemáticos adecuados e reflexionando sobre o proceso aplicado para a resolución de problemas.	MTB2.5.1. Resolve problemas que impliquen o dominio dos contidos traballados, empregando estratexias heurísticas, de razoamento (clasificación, recoñecemento das relacións, uso de exemplos contrarios), creando conxecturas, construindo, argumentando e tomando decisións.
B3.3. Coñecer as unidades de medida do tempo e as súas relación, utilizándoas para resolver problemas da vida diaria.	MTB3.3.1. Resolve problemas da vida diaria utilizando as medidas temporais e as súas relacións.
B3.4. Coñecer o valor e as equivalencias entre as diferentes moedas e billetes do sistema monetario da Unión Europea.	MTB3.4.1. Coñece a función, o valor e as equivalencias entre as diferentes moedas e billetes do sistema monetario da Unión Europea utilizándoas tanto para resolver problemas en situación reais coma figuradas.

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	<p>Procedementos: avaliarase ao alumnado seguindo as avaliacións do primeiro e do segundo trimestre, de maneira continua e global.</p> <p>Teráse en conta a actitude de motivación e esforzo sempre en positivo e a implicación no proceso de ensino-aprendizaxe, ademais da evolución dende a avaliación inicial ao principio de curso e a observación directa e sistemática a través das actividades realizadas polo alumnado na aula durante os dous trimestres anteriores, os resultados das probas escritas, a consecución das competencias clave, resultados obtidos da realización de proxectos de aula ou traballos en equipo e revisión do caderno.</p>
	<p>Instrumentos:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Rúbrica de consecución de competencias clave. -Probas escritas. -Caderno individual. -Traballos ou proxectos. -Exposicións ou investigacións.
Cualificación final	<p>Procedemento para obter a cualificación final de curso:</p> <p>Avaliación global e continua, realizando una media realizada entre os resultados obtidos a través dos instrumentos de avaliación tendo en conta as habilidades, destrezas e actitudes.</p> <p>De maneira excepcional, valorarase en positivo a realización das tarefas encomendadas durante o período de atención educativa de maneira non presencial.</p>
Alumnado de materia pendente	<p>Criterios de avaliación:</p> <p>Non propostos por non ter alumnado con materia pendente.</p>
	<p>Criterios de cualificación:</p> <p>Non propostos por non ter alumnado con materia pendente.</p>
	<p>Procedementos e instrumentos de avaliación:</p> <p>Non propostos por non ter alumnado con materia pendente.</p>

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	<p>-Propóñense a diario actividades de repaso dos contidos explicados durante o primeiro e segundo trimestre de maneira presencial. Serán exclusivamente dos contidos que o/a tutor/tutora considere que a maioría dos/as alumnos/as chegasen a interiorizar e comprender correctamente.</p> <p>-Para a minoría que se considere que os contidos básicos aos que nos referimos anteriormente non os interiorizou, proporáanse actividades de reforzo.</p> <p>-Visualización de vídeos explicativos e lúdicos.</p>
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	A metodoloxía será activa e participativa, potenciando a variedade de materiais e de recursos e neste caso, con máis necesidade, utilizando as tecnoloxías da información e da comunicación (TICs).
Materiais e recursos	<p>Recursos materiais: imprimibles, descargables, audiovisuais.</p> <p>Recursos humanos: profesorado de aula (titores/as e especialistas) e Profesorado de PT e AL (de ser necesario).</p>

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	<ul style="list-style-type: none"> -Blog de aula -Blog do centro -E-mail -Aplicacións como WhastApp
Publicidade	<ul style="list-style-type: none"> -Blog do centro -Paxina web do centro